

**Abe Rábade** ► MÚSICO DE JAZZ

# «O JAZZ É UNHA GRAN METÁFORA DA VIDA»

ACABA DE PARTICIPAR NO FESTIVAL DE MÚSICA INTERNACIONAL GALICIAN CONNECTION E GAÑOU O PREMIO MARTÍN CÓDAX EN 2013

► TEXTO: SARA VILA  
FOTOS: GONZALO GARCÍA, S. C.

Responde ás preguntas na viaxe en tren entre Santiago e Pontevedra que fai dúas veces á semana. Antes de comezar, despide á súa parella e máis á súa filla pequena. Diríxese á cidade do Lérez para dar clase no Seminario Permanente de Jazz.

**Vén de pechar o Galician Connection, no que actuou cunha morea de artistas de todas as partes do globo. Como foi a experiencia?**

A experiencia soaba marabillosa e a verdade é que non defraudou en absoluto. Pensei que ía ser máis complicado porque ás veces esa especie de Torre de Babel de culturas non permite avanzar de forma



Non creo na vida como unha competición, fago forza para que prime o colectivo. Creo máis na cooperación»



Gústame a situación fronteiriza na que hai que esforzarse para comunicarse, é un gran logro das persoas»



Pontevedra é un balón de osíxeno entre todo o descoido da cultura e temos que mantelo entre todos»

factible cara a ningures, pero non foi así. Todo fluíu moi ben porque todos estabamos polo labor de facer funcionar a experiencia. Vou estar inspirado dunha forma excepcionalmente profunda o resto do mes. Foron tres días moi densos e fermosos.

**Gañou o premio Martín Códax na categoría de música jazz, pódese dicir que é vostede o máximo expoñente do jazz galego...**

Fíxome moita ilusión porque un premio gremial sempre satisfai o dobre. Tamén creo que é moi importante que estes galardóns se manteñan, porque é curioso que sexa a primeira vez que se celebren tendo a música galega un nivel tan alto. Isto pon de manifesto a incapacidade histórica dos músicos de unirse para levar a cabo proxectos. En canto ao recoñecemento, non quero deixarme levar, porque cando un recibe un premio non pode creerse o mellor do mundo, ao igual que cando recibe unha crítica non pode creerse o peor. Digamos que estamos habituados a ter unha visión en forma de éxitos e fracasos, e eu non concibo nin a vida nin a música dese xeito. Enténdoo como unha acumulación de experiencias. Non che vou negar que hai moita satisfacción, pero cómpre non sobredimensionalo. Non creo na vida como unha competición, fago forza por que prime o colectivo todos os días. Creo nos valores da cooperación e da horizontalidade, non nos das cabezas visibles.

**Comezou a estudar música de neno, foi nese momento cando se decidiu polo jazz?**

Eu comecei de moi neno a estudar música mediante o sistema Kó-daly, un método que deseñou un compositor húngaro que consiste en potenciar a creatividade dos



Abe Rábade nunha das aulas do Seminario Permanente de Jazz.

nenos educando como un xogo. Pero cando cando comecei as clases ordinarias no conservatorio a experiencia deixou moito que desexar. O ensino tradicional de música é de todo menos atractivo e creativo, os nenos non gozan da música. Aí foi cando dei co jazz, con oito ou nove anos, e foi algo relativamente casual. Abrían

unha nova escola en Santiago de jazz e os meus pais matricularónnos a miña irmá e máis a min para ver se nos enganchara definitivamente a música, porque o sistema do conservatorio era rudo como unha pedra. E ao final vaía se me enganchei! Recordo xa dende moi novo experimentar co piano, seleccionar os sons que me

gustaban máis, improvisar... **A experimentación é básica no jazz, suponse que é unha persoa moi curiosa, é así?**

Si, efectivamente. Hai que selo e tes que estar disposto a ser flexible e adaptarte, aceptar as cousas tal e como veñen. Para ser un improvisador hai que ser capaz de xestionar o momento presente. É

algo difícil de facer e sempre estás arriscando. Intento facer o mesmo no meu día a día, porque o jazz é unha gran metáfora da vida. E insisto en que intento facelo, porque ás veces é difícil. A propia 'intentiona' da vida é moi jazzística. Hai que intentar facer as cousas con bos principios e despois que saian como sexa. Ás veces saen mellor que outras.

**Con motivo da música viaxou por moitos lugares, incluso estudou en Boston cinco anos. É todo un cosmopolita...**

(Ri) É certo. De feito, estes días no Galician Connection comentáboos cos outros artistas: eu síntome na casa cando estou rodeado de xente doutros lugares. Dende os 17 anos, cando marchei a Boston, o meu día a día era convivir con xente moi diferente, por iso me sinto moi cómodo entre a interculturalidade. Gústame esa situación fronteiriza na que tes que esforzarte para comunicarte. Ese é un dos maiores logros do ser humano, o esforzo por entenderse, incluso nun mundo fodido como no que estamos.

**Os mozos galegos que se queiran adicar á música teñen oportunidades para aproveitar o seu potencial?**

Non, ningunha (ri). Perdoa que me ría, pero río por non chorar. Realmente é horrible, un rapaz ou rapaza que empeza agora mesmo na música nunca o tivo peor e é unha vergoña que chegáramos a este punto. É unha responsabilidade colectiva, que entre todos non sexamos capaces de que as artes se cultiven para que a xente se poida desenvolver é un atraso como sociedade. Evidentemente iso vai nun pack, no mesmo que van a educación e a sanidade. Son as necesidades máis básicas do ser humano para poder desenvolverse, a sanidade para facelo fisicamente, a educación a nivel intelectual e a cultura a nivel espiritual. Pero eu tampouco quero ter un discurso derrotista, creo que hai que traballar, moverse, ter enerxía para facer as cousas mellor que nunca, pero tamén quero denunciar algunhas cousas das que ninguén pode estar á marxe se ten un mínimo de sensibilidade social.

**Pontevedra é unha cidade moi importante na escena do jazz galego, é unha excepción a todo este desastre?**

É unha illa, un balón de osíxeno que temos que coidar entre todos. O Concello ten un plantexamento modélico dende hai máis dunha década, entendeu moi ben a maneira na que Luis Carballo, Paco Charlín e máis eu queríamos traballar o jazz, dende a base e non con castelos no aire. Ao principio,



**Un rapaz ou rapaza que comece agora na música nunca o tivo tan difícil e iso é unha vergoña»**



**Que entre todos non sexamos capaces de que as artes se cultiven supón un atraso como sociedade»**



**O vindeiro 22 de maio toco xunto aos músicos da BMP a obra 'Paseo dos Gafos', que compuxen para eles»**

cando organizabamos o Jazz no Principal, era unha rareza convidar a un artista de fóra e que os alumnos do seminario tocaran xunto a el. Pero, pouco a pouco, co paso dos anos mantense porque os cartos van e veñen e no fondo o que importa é a constancia.

**Fala vostede con bastante cariño de Pontevedra.**

Gústame moito a cidade. Sempre que lla ensino á xente quedan encantados, sobre todo pola zona vella, porque é unha zona vella nova, polo viva e o integrada que está coa contemporaneidade. En definitiva, é unha cidade modélica en todos os sentidos, tamén no político.

**A música ocupa toda a súa vida ou ten tempo para facer outras cousas?**

(Ri). Case o ocupa todo, pero afortunadamente teño algo de tempo para dedicarlle á miña muller e máis á miña filla. É menos do que querría, pero tento gozalo ao máximo.

**Ten algún proxecto de futuro que poida anunciar?**

Moitos, pero unha cousa que é interesante para todos os pontevedreses é que actuarei o vindeiro 22 de maio xunto á Banda de Música de Pontevedra, que representará unha obra que escribín para eles, 'Paseo dos Gafos'. Porque ese paseo tráeme moita serenidade cando camiño por alí. Eu vou tocar a 'Rhapsody in blue', de Gershwin. A Banda de Pontevedra tivo a ben convidarme a esta cita e eu vou encantado.



Abe Rábade durante un dos seus concertos. SERGIO CABANILLAS

## O perfil

### Nenez

► Con apenas catro anos comezou a estudar música no Conservatorio Histórico de Santiago seguindo o método Kodaly. Anos despois matriculouse na escola de música Estudio, tamén na cidade compostelana, onde ten o seu primeiro contacto co jazz.

### Boston

► Aos 17 anos viaxou a Boston para proseguir os seus estudos. Alí obtivo unha licenciatura Cum Laude en Jazz Composition e Piano Performance pola Berklee College of Music.

### Volta

► No 2000 volveu a Santiago de Compostela e dende entón participa nunha morea de iniciativas culturais.

► É director artístico do Seminario Permanente de Jazz de Pontevedra, que dirixe xunto con Paco Charlín e Luis Carballo.

### Grupos

► Participa en grupos como Abe Rábade Trío ou Nomad@s, xunto a Guadi Galego e Ugia Pedreira. Participou en multitude de proxectos musicais xunto con artistas da talla de Jeff Harrington, Perico Sambeat, John O'Gallagher, Jorge Pardo, Chris Kase, Kurt Rosenwinkel, Antonio Serrano ou Chonchi Heredia, e o seu traballo foi recoñecido con gran cantidade de galardóns.

## «A PREGUIZA É UN INIMIGO PARA AS PERSOAS»

### Fixo trampa nalgunha ocasión?

Non sei, igual de pequeno copieei nalgún exame.

### Que foi o peor que fixo nun ataque de carraxe?

Que preguntas! En Boston unha vez enfadeime moito coa miña parella de entón e tireille toda a roupa pola ventá, como nas películas. A roupa toda, incluída a da cama.

### Levou algo dalgún sitio sen pagar?

Non, os 'pecados' que puiden cometer nunca tiveron que ver con nada que alterara principios que teño dende moi cativo. Non concibo roubar, aínda que considero que a riqueza está moi mal distribuída. De roubar, eu sería Robin Hood.

### Que faría por un millón de euros?

Para min os cartos non son unha finalidade en absoluto. A maneira na que as sociedades acabaron valorando os méritos das persoas en cifras económicas é o maior erro da humanidade, porque se colocaron os cartos por enriba das persoas mesmas.

### Fáiselle a boca auga cando...

Cando podo anticipar unha frase musical que vai quedar moi ben ao tocala.

### E na mesa, ante que non se pode resistir?

Gústame moito comer... Ante o mango, o polbo, a tortilla de pa-

tacas, ovos fritos con patacas... Comer é unha das miñas debilidades.

### Pode vivir sen espello ou é dos que se van mirando nos escaparates?

Son bastante presumido, pero vai a menos dende que tiveron a nena.

### Véncelle a preguiza cando...

Nunca, a preguiza é un inimigo para as persoas, lévanos a que a enerxía que temos dentro nos carcoma en lugar de saír.

### De que se sente máis orgulloso?

Da miña capacidade de traballo e da miña perseverancia.

### Se puidese ser outra persoa, quen sería?

Creo que todos, se exercitamos a empatía, somos quen de ser outra persoa e é algo que debemos facer. As persoas fabrican a súa identidade -ou éles fabricada- e iso implica que acabas sendo moitas persoas que te influíron. De todos os xeitos, gustaríame ter sido calquera persoa que puxera o seu gran de area para cambiar as cousas.

### Arrepíntese de...

De cousas pequenas. Creo que a culpa e máis o medo son os dous maiores inimigos das persoas. Por iso intento obrar con bos principios para non ter que arrepentirme de nada.

### Cal é a última mentira que contou?

Non conto mentiras, é algo no que levo traballando moito tempo.